



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 6 DE

FEBREIRO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día seis de febreiro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 30 de xaneiro de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 30 de xaneiro de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior. (Diario Oficial de Galicia número 25, de data do día 6 de febreiro de 2012).

- Escrito de don Oscar Garcia Patiño, concelleiro de Unión por Cambre, rexistrado de entrada con data do día 31 de xaneiro de 2012 co número 991, no que comunica que estará ausente por motivos de traballo dende o día 1 ao 4 de febreiro.

- Escrito do Servizo de Asistencia Económica a Municipios da excma. Deputación provincial, ao que achega circular informativa número 2012/03, interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do R. D. Lei 20/2011, da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

- Escrito do Servizo de Asistencia Económica a Municipios da excma. Deputación provincial, ao que achega circular informativa número 2012/01, da Federación Española de Municipios e Provincias, respecto do Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que unha beneficiaria do programa de bolsas deportivas, dona Sofia Toro, participará nos Xogos Olímpicos de Londres 2012, na especialidade de vela.

A continuación, informa que esta semana terá unha reunión coa secretaria xeral do Deporte para adherirse ao programa Galicia Saudable, non ten ningunha asignación económica, é para estudar a evolución dos programas e comprobar en que hai que facer fincapé. Fanse programas en canto á dinamización do exercicio en parques biosaudables; dinamización do exercicio en instalacións públicas e privadas así como dinamización do exercicio para a muller.

A seguir, manifesta que a pasada semana houbo un problema co xerador de gasóleo do campo de Lendoiro, na Barcala, o sábado houbo un problema coa bomba, fíxose un amaño para que xogaran e hoxe substituíuse a bomba.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Para rematar, don Fernando Caride Suárez informa que se amañou unha portería no campo de fútbol “Dani Mallo” e que a polideportiva do Temple, debido a actos vandálicos, se pecha, dado que supón un perigo para o seu uso e se está á espera dos orzamentos que xa se solicitaron.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que esta semana se presenta a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para a execución das accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, para obter o certificado de profesionalidade; a novidade é que solicitarán dúas especialidades novas: xestión administrativa e atención sociosanitaria en centros.

A continuación, informa que se enviaron unhas cartas a todas as empresas de Cambre para que se poidan integrar na páxina web.

Así mesmo, manifesta que o xoves pasado visitou o local da asociación de empresarios de Cambre, xunto co concelleiro de Obras e Servizos e se enviou aos fontaneiros e ao pintor para que efectúen os amaños do citado local.

Para concluír, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que esta semana se intentará preparar a subvención para emprendedores e hai que establecer as bases.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que están a punto de introducir na páxina web “urbanismo en red”, o que supón que calquera cidadán pode acceder aos datos relativos á súa propiedade e ver que pode facer, así como cualificación urbanística, etc.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que estivo na rúa Pígara, na parroquia do Temple, e que están a amañar os problemas que se presentaron.

A continuación, informa que en Arrigada están cambiando os cables da iluminación pública, xa que había problemas de derivación e foi responsabilidade da compañía do gas nalgúns casos, pero xa está rematado.

Así mesmo, manifesta que hoxe ou mañá queda listo o centro social de Brexo-Lema, no que comeza un curso hoxe, se lles conectará á rede de sumidoiros e se fixo a canalización da luz. Respecto do centro da terceira idade de Cambre, amañouse o problema que tiñan en canto ao interruptor da luz, cando tiñan a actividade de baile.

Para rematar, don Manuel Marante Gómez informa que se contratará os saneamentos en Santa Maria de Vigo e Andeiro e a seguridade viaria entre Cela e A Rocha, Anceis.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que veciños da parroquia do Temple, en concreto, da rúa Constitución lindando coa praza Manuel Murguía lle comentaron que hai uns portais debaixo duns soportais, que antes tiñan ramplas para acceso e agora non as teñen, entón, solicita que se estude a posibilidade de facer unha rampla para a súa accesibilidade. Engade que, como no Graxal sobra diñeiro para accesibilidade, se podía incluír a accesibilidade en todos eses soportais. Débese facer un pequeno estudo desa zona e amañalo.

A continuación, informa que tivo unha reunión cos taxistas do municipio para estudar a instalación dun taxi adaptado. Están a esperar que se aprobe a subvención da ONCE co Imsero. Manifesta que se os taxistas de Cambre non realizan o servizo de taxi adaptado, se dará autorización a un taxi da Coruña ou de Culleredo, para que veñan a Cambre e se entregarán bonos para as persoas con mobilidade reducida para que poidan dispoñer dese servizo.

Para finalizar, dona Maria Jesús González Roel informa que tivo unha reunión co presidente da Cruz Roja da Coruña e di que se lles cederá un local en Cambre para que a Cruz Roja se poida instalar aquí no municipio. A Deputación achegaría o diñeiro para reparar o baixo e o Concello cederá o local.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que están a preparar as bases para as comparsas do vindeiro entroido. Ata agora había tres festas que patrocinaba o Concello, agora na Barcala a festa a fai a asociación de veciños. Na parroquia do Temple non a quixeron facer. O martes de entroido, hai festa en Cambre. Así pois, as tres festas que tiñan lugar antes, agora se reducen a unha festa, que é o día martes de entroido, e, como de costume, terá lugar a festa do sábado de entroido.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Para rematar, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro venres haberá unha exposición do pintor don Suso Talento, na sala de exposicións da biblioteca e o propio pintor solicitará a participación da coral de Cambre.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que o vindeiro xoves ás dez da mañá irá ás novas oficinas municipais situadas na Barcala. Solicitoulles a todos os funcionarios unha relación das cousas que necesitan e comunicoulles que poden ir á ludoteca para ver os cadros que poden colocar.

Así mesmo, don Felipe Andreu Barallobre informa que dous técnicos da excma. Deputación provincial da Coruña farán as avaliacións da obra "Rehabilitación e restauración do edificio destinado a equipamentos sociais: Casa da Cultura", xunto coa arquitecta municipal, e estarán instalados nos baixos municipais situados na rúa Wenceslao Fernández Flórez, nas anteriores oficinas de Cultura. Cambiaronse as chaves e alí se está a levar a documentación do citado expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia